

Trátase dun programa de formación en prevención comunitaria e ten como finalidade evitar o desenvolvemento e a consolidación de condutas de risco, promovendo estilos de vida saudables, entre o alumnado que permanece vinculados ao sistema educativo, tendo en conta, transversalmente, a perspectiva de igualdade de xénero.

Con este programa combínanse dous espazos:

ATENCIÓN EDUCATIVA

Mediante sesións de apoio escolar en alumnado con dificultades de aprendizaxe xeneralizada e ou que precisen apoio nas áreas instrumentais.

SOCIOEDUCATIVO DE LECER SAUDABLE

Utilizando o uso responsable das novas tecnoloxías, prevención en ludopatías, así como obradoiros de alimentación saudable entre outros.

MAIS INFO

Centro municipal de servizos sociais. Avda do Mar- B1, baixo.
981492706 / 981342607
servizos.sociais@fene.gal



Concello de
MUGARDOS

PROXECTO FINANCIADO POLA:



CONSELLERÍA
DE SANIDADE



REFÓRZATE

PROGRAMA DE REFORZO EDUCATIVO + OCIO

PARA O ALUMNADO
DE PRIMARIA E SECUNDARIA

POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria será o alumnado de primaria e secundaria derivado dos Servizos Sociais Municipais, en colaboración cos centros educativos do Concello e as súas familias.

En cada un dos espazos, atención educativa e socioeducativos de lecer saudable, levaráanse a cabo dous obradoiros, un para primaria e outro para secundaria.

Establecerase unha ratio máxima de 10 alumnos/as por grupo.

OBXECTIVOS

- Favorecer o desenvolvemento individual, social e emocional dos/as menores, mediante un traballo personalizado dirixido ao adestramento en competencias educativas e sociais.
- Mellorar as competencias educativas.
- Apoiar a socialización dos/as menores e as familias.
- Desenvolver actuacións de dinamización social.
- Fomentar a autonomía persoal, capacidade de análise da realidade, autoestima e responsabilidade.
- Educar e promover valores positivos en áreas transversais como saúde, medio ambiente, ocio e tempo libre, igualdade de xénero, interculturalidade...

CRITERIOS DE ADMISIÓN

- Alumnado en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión (social, económica ou de calquera outra índole).
- Alumnado sen acceso a Beca BNEE.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe, problemas conductuais ou de xestión emocional e/ou con carencia de habilidades sociais e comunicativas.